



BASES OBRADOIROS DE NADAL

1. Os **OBRADOIROS DE NADAL** son unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende non só ocupar o tempo de lecer dos nosos cativos, senón permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. Os Obradoiros de Nadal están **DIRIXIDOS** a nenos e nenas con idades comprendidas entre **5 e 13 anos** (ambos inclusive).

3. Os **OBRADOIROS** desenvolverase en días de luns a venres de decembro no local anexo o Pavillón Polideportivo municipal de Pontecesures.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO** todas as persoas quen cumpra cos seguintes requisitos:

- Familias monoparentais ou coas dúas persoas proxenitoras en situación laboral activa
- Residir e estar empadroadas no Concello de Pontecesures. No caso de existiren prazas vacantes, poderán cubrirse con nenos/as doutros concellos.

5. O **HORARIO DOS OBRADOIROS** será de 17:30 a 19:00 horas. Os nenos e nenas terán que ser entregados e recollidos por un adulto.

6. **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta por cada obradoiro é de 12 prazas. Para que o servizo se leve a cabo deberá haber un número mínimo de 6 solicitudes.

7. **FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.**

A petición de admisión no obradoiro realizarase cubrindo a ficha de inscrición que poderán descargar na páxina web www.pontecesures.org ou recoller nas dependencias do Concello: Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h.

PRAZO DE INSCRICIÓN.

O prazo de inscrición é do 1 de decembro ata o día anterior a celebración do obradoiro.

OBRADOIROS E DATAS

DECORACIÓN DE NADAL: 7, 14, 21 de decembro 2020.

CICLO DE COCIÑA INFANTIL DE NADAL: 10, 15, 17, 22, 29 de decembro 2020.

CONEXIÓN CO PAXE REAL E RECOLLIDA DE CARTAS: 9, 16, 23, 30 de decembro 2020.